

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua francesa e a súa didáctica				
Materia	Lingua francesa e a súa didáctica			
Código	O05G120V01505			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Fidalgo Fernández, José Manuel			
Profesorado	Fidalgo Fernández, José Manuel			
Correo-e	fidalgofernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Tendo en conta o carácter lingüístico e didáctico desta materia preténdese reforzar o nivel de competencia comunicativa na lingua estranxeira e igualmente é un obxectivo fundamental o ofrecer ao alumnado unha visión metodolóxica sobre o ensino da lingua estranxeira nas aulas de Primaria.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües

C51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira
C52	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C63	Controlar e facer o seguimiento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia			Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Comprender as ideas principais do discurso falado cando este é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns dos ámbitos persoal, público, profesional e educacional (Marco Común, Cadro 5).				D1 D3 D4 D11 D12
2. Comprender a idea principal de películas e de programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.				D1 D3 D4 D11 D13 D20
3. Comprender textos escritos redactados nunha lingua de uso habitual e cotián ou relacionado co traballo.				D1 D3 D4
4. Comprender a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.				D1 D3 D4
5. Saber desenvolverse en case todas as situacións que se lle presentan cando viaxa onde se fala esa lingua.			C50 C51	D1 D3 D4 D13 D17 D20
6. Poder participar espontáneamente nunha conversación que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	A4		C50 C51	D1 D3 D4 D12 D20
7. Poder abordar oralmente en inglés/francés, con fluidez e seguridade, temas de interese para alumnos de educación primaria. Saber enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, así como os seus soños, esperanzas e ambicións.		B3	C11 C50 C51	D1 D3 D4 D12 D20
8. Poder explicar e xustificar brevemente as súas opinións e proxectos.			C50 C51	D1 D3 D4 D12 D17 D20 D21

9. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película, e poder describir as súas reaccións.			C51	D1 D3 D4
10. Ser capaz de escribir textos sinxelos e ben enlazados sobre temas que lle son coñecidos ou de interese persoal. Poder escribir cartas persoais que describan experiencias e impresións.			C51	D1 D3 D4
11. Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos en torno aos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos.	A1	B1 B6	C11 C63	D1 D2 D9
12. Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	A3	B2 B8	C13 C16 C34 C43 C45	D1 D2 D9 D12 D19
13. Fomentar a convivencia no aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuír á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes.		B5	C11 C13 C34	D2 D7 D12 D15
14. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promoverlo entre os estudantes.	A2	B10	C13 C16 C34	D2 D9 D12 D16 D21
15. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación.	A1		C43	D1 D3 D4
16. Manexar os conceptos básicos do ensino comunicativa dunha lingua estranxeira, incluíndo as funcións lingüísticas, e as competencias e estratexias comunicativas.	A3		C43	D1 D3 D4
17. Diferenciar entre competencias lingüísticas, socioculturaiss, e pragmáticas (Marco Común, Capítulo 5, Seccións 5.2.1, 5.2.2 e 5.2.3).	A3		C11 C43 C52	D1
18. Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A1		C43 C51 C63	D1 D3 D4
19. Coñecer o currículo escolar da lingua estranxeira.			C43 C45	D1 D4
20. Saber desenvolver un programa de ensino e aprendizaxe comunicativos da lingua estranxeira.	A2		C45 C52	D1 D2 D4
21. Ser capaz de preparar e impartir unha unidade didáctica.	A2 A3		C16 C51 C52 C62 C63	D1 D2 D3 D4 D9
22. Ser capaz de presentar novos elementos funcionaiss, gramaticais e léxicos.	A4		C43 C51 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
23. Saber facilitar a práctica oral na aula mediante actividades comunicativas en parellas e grupos.	A2		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
24. Saber crear oportunidades para a produción libre e comunicativa mediante xogos, actividades lúdicas e creativas.	A2		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D4 D9 D21
25. Saber como fomentar a lectura e animar a escribir.	A2		C48	D2 D4
26. Comprender distintas formas de avaliación e de auto-avaliación e saber levar a avaliación a cabo.	A3		C63 C65	D1 D2 D4

Contidos

Tema	
L1 - Presentación.	I. Presentación de si mesmo e dos demais. II. Experiencias persoais da aprendizaxe da lingua estranxeira. III. Identificación de oportunidades na contorna para fomentar a propia aprendizaxe e diagnóstico de necesidades e obxectivos.
L2 - Descrición física e da personalidade.	I. Características físicas, afectivas e persoais. II. Describirse a un mesmo e os demais en termos da aparencia e do carácter. III. Expresar o acordo e o desacordo.
L3 - A contorna na que vivimos.	I. Discusión dos distintos tipos de vivenda en países estranxeiros e comparación con Galicia. II. Descrición das vivendas dos estudantes, comprensión de anuncios de pisos e vivendas en aluguer. III. Vídeos turísticos dando a coñecer Ourense.
L4 - Os animais.	I. Os animais da granxa, partes do corpo. II. Os animais do bosque. III. Os animais salvaxes.
D1 - Ensino comunicativo da lingua estranxeira.	I. Funcións lingüísticas. II. Competencias e estratexias comunicativas.
D2 - Metodoloxía 1: Presentación e práctica.	I. Presentación de novos elementos funcionais, gramaticais e léxicos na aula de lingua estranxeira. II. Práctica oral mediante actividades comunicativas en parellas e grupos.
D3 - Metodoloxía 2: Produción, creatividade e xogo.	I. Os xogos: dimensión lúdica da aprendizaxe. II. Cancións tradicionais francófonas. III. O contacontos na aula de lingua estranxeira. IV. Uso de internet para a aprendizaxe autónoma.
D4 - A unidade didáctica.	I. Obxectivos II.Competencias lingüísticas, socioculturais, discursivas e estratéxicas. III. A avaliación. IV. A utilización do PEL (Portfolio europeo das linguas) como ferramenta de avaliación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	10	30	40
Traballo tutelado	12	40	52
Prácticas con apoio das TIC	10	20	30
Presentación	17	8	25
Práctica de laboratorio	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a asignatura.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Exposición por parte del profesor de contenidos sobre la materia objeto de estudio, bases teóricas y/o directrices de un trabajo, ejercicio o proyecto a desarrollar por el estudiante.

Traballo tutelado	1.- Exercicios gramaticais (orais / escritos) de dificultade media. 2.- Textos: lectura e comprensión. 3.- Redaccións breves sobre temas de actualidade. 4.- Situacións de comunicación (oral / escrito): pedir información na rúa para atopar un destino, cear nun restaurante, comprar un billete de tren, ...
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación de los conocimientos a situaciones concretas y de adquisición de habilidades básicas y procedimentales relacionadas con la materia. Se desarrollan a través de las TIC de forma autónoma.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.	20	A2 A3 A4	B5 B8	C48 C50 C51	D1 D2 D4 D7 D9 D12 D13 D16 D17 D20 D21
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo.	40	A2 A3 A4	B2 B3	C11 C16 C50 C51 C52 C65	D1 D2 D3 D4 D15 D16 D17 D21
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.	40	A4	B1 B2 B3 B5 B6 B10	C11 C13 C16 C34 C43 C45 C48 C50 C51 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D12 D13 D15 D17 D19 D20 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles estudantes que, por causa xustificada, NON poidan ASISTIR regularmente deberán presentarse a unha proba escrita e a unha proba oral en francés. Estas probas versarán sobre os contidos da materia e cada unha delas puntuará o 50% da nota final. Na convocatoria de xullo, unicamente se avaliarán as competencias ou actividades non superadas na convocatoria correspondente ao seu cuadrimestre. Data do exame, consultar páxina web da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BEACCO, J.C., BOUQUET, S. et PORQUIER, R., **Niveau B2 pour le français**, Didier, 2004

BÉRARD, E., **L'Approche communicative**, CLE INTERNATIONAL, 1991

CONSEIL DE L'EUROPE, **Cadre européen commun de référence pour les langues**, Didier, 2001

CUQ J.P. et GRUCA I., **Cours de didactique du français langue étrangère et seconde**, PUG, 2005

TAGLIANTE, C., **L'Évaluation et le Cadre européen commun,**, CLE INTERNATIONAL, 2005

Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ ÁLVAREZ, A., **Nuevas tecnologías para la clase de francés lengua extranjera**, Quiasmo, 2009

BRASSEUR, P., **1001 activités autour du livre**, Casterman, 2007

CALVET, L.J., **La chanson dans la classe de français langue étrangère**, CLE INTERNATIONAL, 1980

CHAMBERLAIN, A. et STEELE, R., **Guide pratique de la communication**, Didier, 1991

DESMONDS, F. et al., **Enseigner le FLE**, Belin, 2005

GOULLIER, F., **Les outils du Conseil de l□Europe en classe de langue**, Didier, 2006
SILVA, H., **Le jeu en classe de langue**, CLE INTERNATIONAL, 2008
VANTHIER, H., **L□enseignement aux enfants en classe de langue**, CLE INTERNATIONAL, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma estranxeiro: Francés/O05G120V01904

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés/O05G120V01905
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés/O05G120V01906

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/O05G120V01202

Outros comentarios

Sería recomendable posuír coñecementos previos a nivel de bacheralato ou de formación profesional, é dicir o nivel A2 segundo o marco europeo para o estudo das linguas. Sen menoscabo doutras aprendizaxes externas, formais ou non formais.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:
□ Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.